

O NADAL DE BEGONTE

XXXII edición

día 13 de decembro de 2003

Ás 18 horas na Igrexa Parroquial de Begonte

Teño que comenzar, necesariamente, expresándolles a tódolos asistentes a este acto a miña satisfacción por atoparme aquí como pregoeiro do Nadal de Begonte, evento singular que, coa deste ano, acada xa a súa edición **Trinta e dúas**, o que acredita unha longa executoria navideña e un éxito belenístico de indubidable popularidade, iniciado naquel alonxado ano de 1972.

Para un vilalbés, como son eu, veciño, polo tanto, do Concello de Begonte é un alto honor incorporarme á nómina dos que fixeron o limiar deste acontecemento relixioso e cultural.

Por aquí pasaron como pregoeiros do Nadal begontino, ilustres bispos da nosa diócese como os monseñores, **Arauxo Iglesias** e **Gea Escolano**, ou o meu paisano hoxe arcebispo de Madrid e Cardeal, **Rouco Varela**, ou o profesor e sabio humanista, **Filgueria Valverde**.

E por non citar ó resto dos que viñeron a pregoar a Begonte, permítanme que só faga mención do señor Presidente da Xunta de Galicia, paisano de Vilalba, don Manuel Fraga Iribarne.

Comenzarei dicindo que o nacemento do Neno Xesús é o suceso universal máis celebrado tanto polos crentes como polos que non o son.

A data elexida foi a do 25 de decembro, na medianoite do 24 o 25, por ter ese día un fondo significado místico, quedando fixada a data dende o século V ó coincidir cun acontecemento de grande transcendencia universal como é o *solsticio de inverno*, na que as culturas antigas celebraban espléndidas festas pagás en honor de seus deuses.

O evanxeo de San Lucas dí, a propósito do *misterio do nacemento do fillo de Deus*, que sendo Emperador de Roma, César Augusto, díu ordes de que se empadroara todo o pobo; este feito tivo lugar sendo gobernador de Siria Cirino, e obrigaba a efectua-lo na cidade de nacemento, e por iso Xosé marchou de Nazaret a Belén, para empadroarse con María, a súa esposa, que estaba encinta, *e deu a luz un fillo*.

E no evanxeo de San Mateo, descríbese como **uns magos** que procedían de Oriente, seguindo unha estrela presentáronse en Xerusalén, dicindo *¿Onde está o rei dos xudeus que ten nacido? Pois vimos unha estrela no Oriente e viñemos a adoralo.*

Oído esto por **Herodes** turbouse e convocando a tódolos sumos sacerdotes e os escribas, trataron de pescudar o lugar onde había de nacer o Cristo. E dixeron: en **Belén de Xudá**, porque así está escrito.

Como vemos dos catro evanxelistas só dous nos falan do nacemento de Xesús: Lucas e Mateo.

En todo caso, dos dous relatos deducimos os elementos fundamentais que non poden faltar nun Belén, a saber: O Neno Xesús, a virxe **María** e seu esposo **San Xosé**, ós que acompañarán os **pastores** e os reis **magos de Oriente**.

O outro grupo iconográfico insustituible é o composto polo asno e o **boi**, docilidade e forza, grupo que naceu a través da tradición.

O asno, animal sosegado, recorre con humildade o camiño cara a sabedoría; de aí que fose o medio de transporte elixido por Xesús, por exemplo, na súa entrada en Xerusalén o domingo de Ramos.

O boi, é un símbolo moi presente nas civilizacións, e representa a paciencia e a tranquilidade

Vexamos como nace o *Belenismo*

A figuración dun Belén é unha tradición que ven dos orixes do cristianismo. A finais do século II xa se atopan imaxes da Virxe e do Neno nas catacumbas, e dende o século V multiplicanse nos mosaicos das igrexas bizantinas esceas codificadas coa Virxe, o Neno, San Xosé. o boi o asno e a estrela.

Na baixa Idade Media, o Belén foi tomando forma e facéndose costume nos mosteiros alemáns, desde onde pasou rápidamente e con éxito a Italia. Alí, San Francisco de Asís, polo ano 1223, representou por primeira vez un nadal viviente no pobo de Greccio.

En España, e por suposto en Galicia, a celebración do Nadal ten raizames culturais moi fondas. Os primeiros poemas completos en romance son **panxoliñas** ou **vilacincos**, é dicir, cancións sinxelas de xentes do pobo nun idioma romance incipiente para celebrar a **Noiteboa**. Logo o poema mantense na lírica culta de forma inalterable ata o século XVIII.

Como outras tradicións españolas que se supoñen antiquísimas, a de instalar un Nadal en moitos fogares, dende os máis aristocráticos ós máis humildes, ven do século XVIII, e a responsable foi unha rainha que só pudo pasar un inverno no trono, ó que chegou con 34 anos y morreu ós 35, que se chamou **María Amalia de Saxonia** e que foi a primeira esposa e a única muller dun dos grandes reis de España, **Carlos Terceiro**.

Os **Belenes**, que chegan ata os nosos días e que se representan con sorprendente estética en moitos fogares ou os que son organizados por determinadas colectividades, como é o de Begonte realizado con inigualable orixinalidade, todos proceden do que se instalou, no Pazo do Bo Retiro en Madrid, tres meses despois de chegar ó trono en 1759, Carlos Terceiro.

Este rei, ós 22 años casouse, como temos dito, cunha princesa alemana de catorce primaveras chamada María Amalia de Sajonia.

A raíña era unha muller alta, loira, robusta e piadosa, e sobre todo fecunda, xa que logo do seu matrimonio con Carlos tivo 14 fillos, dos que 7 superviventes a acompañaron cando desembarcou en España, traendo tamén un papagayo, dous monos, varios cans e moitas caixas de cigarros habanos que fumaba con toda naturalidade. E como o máis importante da súa equipaxe, traía un Belén.

Con tantos partos, María Amalia tiña perdido case a dentadura e a louzanía, e cando chega a Madrid a súa estancia convirtiuse nun calvario. Entendiase moi mal coa sogra, outro obstáculo era o descoñecemento do idioma, tamen os xeados apousentos do Pazo do Bo Retiro e a insalubre capital que era Madrid naquela época; todo isto conspirou para amargarlle a raíña a súa primerira Noiteboa en España, da que só lle gustou o Escorial onde, deixou dito, que a enterraran.

Pero ós madrileños o que máis lles gustou de María Amalia foi o Belén que trouxo de Nápoles

Mentras a raíña ía poñendo as fermosas figuras napolitanas de *Capo di Monte* no seu Belén, o rei preocupado pola saúde de María Amalia, faláballe de edificar unha real fábrica de porcelana no Bo Retiro, adecentar e modernizar as rúas de Madrid, rematar o Pazo Real e os xardíns e facer outras moitas melloras que necesitaba o país. E así as fixo, pasando a Historia con sobrenome de mellor Alcalde de Madrid.

María Amalia sorprendeuse polo éxito do seu Belén, inmediatamente imitado polas clases altas, copiado polas medianas e celebrado polas baixas. E asociado ó Belén aparece a costume popular de cantar **panxoliñas** acompañadas polos instrumentos musicais máis humildes e improvisados, dende o morteiro da cociña á zambomba ou a botella de anís tañida con un garfo. Todo é bó para o Neno.

En setembro de 1760, a raíña Amalia, cos pulmós débiles polo tabaco, morreu de tuberculose. E Carlos dixo: *En 22 anos de matrimonio, este é o primeiro desgusto serio que me da Amalia.*

O rei nunca volveu a casarse, pero cumpriu tódalas promesas que lle fixera a súa dona. Madrid foi outro. E os nadais españois, tamén.

Os artesáns levantinos rivalizaron cos italianos na creación de figuras e anos despois en Barcelona, fixéronse moldes de escaiola para teatriños do nacemento, baratos e populares.

En Madrid, ata os máis pobres habituáronse a comprar figuras de barro cocido nos postos da Praza Maior, costume que aínda persiste.

Hoxe véndense de plástico en todas partes pero quizais falta a figura da raíña Amalia fumando un puro e deixando unha porcelana no portal.

Volvendo o noso Belén, ó de Begonte, o pregoerio que lles fala está seguro ó afirmar que hoxe é un dos máis famosos, e fermosos, de Galicia.

E a súa popularidade radica na súa orixinalidade, e os belenistas begontinos utilizando a máis ampla licenza e a imaxinación máis creativa, fan uso dos medios máis modernos, mecánicos e electrónicos, para darlle vida ós alfareiros, afiadores, cesteiros, carpinteiros, aserradores, ferreiros, fiandeiras e texedoras, aparecen hórreos e cabazos en Galilea, pastores que tornan o gando, vellos muíños, a pesca no río, e moitos máis oficios, e todo moi cerca dun misterio que o envolve todo, non importando os posibles anacronismos.

Outros belenes terán características diferentes, todos tentarán reproducir o nacemento do fillo de Deus, pero a Navidade en Galicia e a tradición belenística está máis reforzadas desde que existe o **Belén de Begonte**, que gracias o entusiasmo duns poucos acadou unha popularidade impensable para os seus fundadores, ou como lles chama o poeta **Fiz Vergara**, *inquedos armadanzas*, como don **José Domínguez Guizán** (q.e.p.d.), propulsor da idea, xestor incansable que viviu para o Belén, “*crego baril, alma mater dunha alborada rebosante de paz e de sosego...*”, en verbas esquisitas do mesmo poeta.

E como continuador de tan feliz idea o seu irmán e actual párroco, don **Jesús Domínguez Guizán**, que persevera co mesmo entusiasmo inicial como podemos admirar ó contemplar cada ano, con máis vigor si cabe, este nacemento senlleiro e admirable.

Que nunca decaiga este entusiasmo. Gracias ó Belén de Begonte as festas de Nadal, son Navidades máis auténticas e que os continuadores daqueles adelantados do ano 1972, segan co mesmo entusiasmo inicial e argallen tódolos anos o Belén para que a *Terrachá se pareza ben, nese senso, a Galilea.*

Como dicía o inspirado poeta Xosé María Pérez Parallé:

*E cantarlle o Neno –Deus,
a a súa Nai, Virxe Santa,
as panxoliñas máis ledas
e as máis aledas louvanzas,
e ofrendarlle a Galicia
a noiteboa da espranza.*

E remato xa cos femosos versos que escribiu o poeta da Terra Chá, Manuel María, nun poemario de panxoliñas: _

:

*Que El Señor acenda o lume milagreiro
que enche de resplandor ao mundo enteiro.*

*Que o Nadal teña o brillo puro do luceiro
e o Aninovo traia un tempo ventureiro.*

*Que a luz que nos aluma veña por noso ben.
Per omnia saecula saeculorum. ¡Amén!*